

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL O DIA 26 DE ABRIL DO ANO 2012

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as vinteunha horas do día vinteseis de abril do ano dous mil doce, e co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal, e tratar dos asuntos do órde do día incluídos na convocatoria cursada a tal efecto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Luis Aragunde Aragunde, reuníronse os señores Concelleiros, D. José Juan Cores Chaves, D^a Candelaria Martínez Eiras, D^a María Isabel Varela Piñeiro, D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo, D^a Mónica Bea Troncoso, D. Rodrigo Rey Vázquez, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D. Eulogio Pomares Botana, D^a Ana Isabel Oubiña Santos, D. Ricardo Quintáns Cores; D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, D^a María Josefa Cacabelos Dominguez, D. Xaquín Charlín González, D. Rafael Blanco Guerreiro, D^a Fátima Abal Roma e D. Lucas Vieites Fariña.

Actúa como Secretario, o Funcionario Administrativo de Administración Xeral do Concello, Alberto Fuentes Losada, nomeado pola Xunta de Galicia, e asiste a Sra. Interventora Municipal D^a M^a del Carmen Vidal Pérez.

1º.- APROBACION DA ACTA DA SESION CELEBRADA O DIA 23.02.2012.- Aberta a sesión, pola Presidencia pregúntase ós Sres. Concelleiros asistentes, se teñen algunha obxección que formular á acta da sesión celebrada o día vintetrés de febreiro de dous mil doce, e, non formulándose ningunha, a Corporación Municipal acorda prestarlle a súa aprobación.-

2º.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EJERCICIO 2012.- Dase conta do ditame-proposta emitido pola Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, en reunión celebrada o 25 de maio de 2.012, no que se recolle que dictaminado favorablemente o asunto cos votos a favor dos Sres. Iglesias Pombo, Varela Piñeiro e Sr. Alcalde e as abstencións do Sr. Blanco Guerreiro e Sr. Caamaño Rivas, propónse ó Pleno da Corporación adopte acordo co seguinte tenor literal: “PARTE EXPOSITIVA.- Dase conta da Proposta da Presidencia que di o seguinte: “Confeccionado o Orzamento Municipal para o exercicio 2.012, e estimando que se cumpre no mesmo coas disposicións que regulan esta materia, atopándose nivelado, tanto en gastos como en ingresos, e coidando suficientemente dotadas as aplicacións orzamentarias para atender ás obrigas esixibles a esta Corporación, tanto para gastos de persoal (Capítulo I), como para gastos de funcionamento dos servizos (Capítulo II); as relativas ós gastos de intereses e amortizacións (Capítulos III e IX); as correspondentes a transferencias, tanto correntes como de capital (Capítulos IV e VII); e, por último as relativas ós investimentos en obras, adquisición de terreos, etc., (Capítulo VI), todo elo en canto ó Estado de Gastos; e, respecto ó Estado de Ingresos, tamén se consideran convenientemente consignados os conceptos dos capítulos do mesmo.= Ós Estados de Gastos e Ingresos engádense as Bases de Execución do Orzamento, documentos que constitúen o Orzamento básico, ó que se une a documentación complementaria á que fan referencia os artigos 12 e 18 do Real Decreto 500/90, do

20 de Abril, e, en definitiva, a esixida polo artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais 2/2004, ademais da relación de aplicacións de gastos, clasificadas por programas e economicamente, e a de conceptos de ingresos.= Por todo, elo esta Presidencia proponlle á Comisión Informativa, que, ditaminando favorablemente este Orzamento, teña a ben formularlle, á súa vez, ó Pleno da Corporación proposta de adopción dos seguintes acordos:= 1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2012, que se eleva, tanto en gastos como en ingresos, á contía de oito millóns douscentos noventa e seis mil cento setenta e seis con dezaseis céntimos (8.296.176,16 €), que se concreta nos seguintes resúmenes por Capítulos:

| GASTOS | | | INGRESOS | | |
|--------|------------------------------------|--------------|----------|--------------------------------|--------------|
| Cap | Denominación | Importe € | Cap | Denominación | Importe € |
| 1 | Gastos de persoal | 3.826.806,71 | 1 | Impostos directos | 2.094.782,15 |
| 2 | Gtos. en bens correntes e servizos | 3.341.960,00 | 2 | Impostos indirectos | 275.000,00 |
| 3 | Gastos financeiros | 39.051,09 | 3 | Taxas e outros ingresos | 2.148.102,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 184.139,34 | 4 | Transferencias correntes | 3.143.443,25 |
| 6 | Investimentos reais | 413.000,00 | 5 | Ingresos patrimoniais | 114.642,76 |
| 7 | Transferencias de capital | 157.002,00 | 6 | Alleamento de inversións reais | 300.000,00 |
| 8 | Activos financeiros | 18.000,00 | 7 | Transferencias de capital | 202.204,00 |
| 9 | Pasivos financeiros | 316.217,02 | 8 | Activos financeiros | 18.000,00 |
| | | | 9 | Pasivos financeiros | 2,00 |
| | TOTAL | 8.296.176,16 | | TOTAL | 8.296.176,16 |

2º.- Aproba-las Bases de Execución do Orzamento, tal como se atopan redactadas, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria organización e circunstancias do propio Concello.= 3º.- Segundo o disposto no artigo 90 da Lei 7/85, do 2 de Abril, prestarlle aprobación á Relación de Postos de Traballo do Concello de Cambados, que se incorpora como anexo ó documento orzamentario.= 4º.- Aproba-los cadros de retribucións, tanto de funcionarios como de persoal laboral, coas contías que figuran nos mesmos. Así mesmo, aproba-lo cadro do valor hora, para as prestadas fora da xornada normal, tal como figura nas Bases de Execución do Orzamento.= 5º.- Que se expoña ó público o expediente por prazo de 15 días hábiles, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Consistorial e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, ou de non basearse estas nalgún dos supostos do art. 170.2 do TRLRFL, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, sen necesidade de novo acordo, remitíndose posteriormente copias á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia, publicándose finalmente Edicto do Orzamento, resumido por Capítulos, conxuntamente coa Relación de Postos de Traballo aprobada, no referido B.O.P., todo elo segundo se establece pola citada lexislación vixente.”

Rematada a lectura intervéñ o Portavoz do Partido Popular, Sr. Cores Chaves, para manifestar que tal e como se ven de indicar, o orzamento municipal para este exercicio ascende á cantidade total de 8.296.176,16 €(OITO MILLONS DOUSCENTOS NOVENTA E SEIS MIL CENTO SETENTA E SEIS EUROS CON DEZASEIS CENTIMOS DE EURO), nivelado tanto en gastos como en ingresos, e moi similar ó do ano 2011.= Indica tamén que para a súa elaboración tomáronse como referencia as aplicacións orzamentarias do ano anterior axustándose á situación de crise económica que se está a vivir na actualidade. Di

asimesmo que se pode calificar de continuista e nivelado, e que se manteñen as cantidades necesarias para facer fronte ao cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos, sendo o mellor orzamento que se pode facer en tempo de crise. Indica tamén que se cumpren tódolos requisitos establecidos pola lexislación: estabilidade presupostaria, nivelación, etc..= Facendo un pequeno repaso polos diferentes capítulos pode verse que no referente a gastos, non hai subidas en materia de persoal e sí por exemplo en atención domiciliaria (uns 20.000,00 € aproximadamente), que se diminúe tamén nuns 40.000 € o importe relativo á recollida de residuos sólidos urbáns toda vez que está prevista unha recollida independente de vidro e cartón que se autofinanciará; en transferencias correntes, se ben en xeral se produce unha diminución de algo máis de 6.200 € non afecta ás aportacións a entidades deportivas, culturais, benéfico-asistenciais, nin ás axudas a veciños para estudos ou á Asociación Protectora de Animais.= No capítulo de inversións reais só se consignan aquelas actuacións que contando con financiación doutras administracións esta xa está confirmada, xerándose crédito a medida que se vaian recibindo novas confirmacións.= No relativo as transferencias de capital, prodúcese un incremento de 33.710 € con respecto ó exercicio anterior, consignándose os importes necesarios para facer fronte ás obras de particulares contempladas nos convenios-ARI, e unha aportación á Fundación Manolo Paz – Arte Contemporáneo; e, no capítulo de pasivos financeiros consígnanse as cantidades necesarias para a amortización dos préstamos e anticipos concertados polo Concello segundo os datos recollidos no Estado da débeda, experimentando en todo caso unha diminución superior ós 85.000 € ó non ser precisa a previsión contida no Real Decreto lei polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.= No apartado de ingresos, destacan no capítulo I, relativo aos impostos directos, unha subida duns 273.000 € para axustalo aos dereitos efectivamente recoñecidos no exercicio anterior téndose en conta ademáis o incremento que suporá a aplicación do tipo do 0'5% no imposto sobre bens inmobles, conforme ó disposto no Real Decreto-Lei 20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público; no capítulo II mantense o mesmo importe con respecto ó exercicio anterior; o capítulo III de taxas e impostos, experimenta un incremento duns 23.400€ tendo en conta os dereitos recoñecidos no exercicio anterior e a actualización da tarifa da recollida de residuos sólidos; no capítulo IV (transferencias correntes) diminúe nuns 271.400€ debido fundamentalmente ó descenso de ingresos na participación nos tributos do Estado e no Fondo de Cooperación Local, estando previsto que se xenere crédito a medida que sexan concedidas subvencións; e, no Capítulo V (ingresos patrimoniais) prevese unha diminución de 24.000€ como consecuencia da baixada de intereses por depósitos en entidades de crédito e pola previsible redución de ingresos procedentes da nave loxística.= Lembra que a situación económica do Concello é boa, non estando prevista a concertación de ningunha operación de crédito, cun remanente de tesourería para gastos xerais de máis de 242.000 € un aforro neto positivo, e unha débeda viva a 31 de decembro que, tendo en conta as cantidades a devolver das liquidacións practicadas por participación nos tributos do Estado de 2008 e 2009, ascende ó 50'76% moi por debaixo do límite máximo permitido.= Remata dicindo que o ornamento que se presenta para a súa aprobación por parte do Pleno da Corporación é o mellor que se podía facer na situación

actual, toda vez que está axustado, resulta acorde coa realidade, está equilibrado, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, e garantiza o funcionamento dos servizos básicos sen deixar de lado as partidas correspondentes a actividades culturais, promoción do turismo, servizos sociais, etc., polo que interesa se lle preste aprobación.

Seguidamente toma a palabra o Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sr. Blanco Guerreiro para manifestar que contablemente está ben pero non así politicamente, toda vez que é plano ó contemplar unicamente nóminas, pero non inversións de cara ó comercio, á hostelería, ó fomento do emprego, etc.= Que a única inversión que figura é a urbanización da Avda. da Pastora (1º tramo) dentro do ARI – 8ª fase.= Que a débeda actual do Concello en operacións a longo prazo é moi elevada, rematando algun destes prestamos no ano 2023.= Que, no apartado de produtividade e horas extras recóllense cantidades moi importantes que son percibidas sempre polos mesmos traballadores, o que non lle parece legal ó igual que a situación na que se atopa persoal municipal.= Que no referente a gastos correntes, non existe racionalización do gasto nin se sigue en moitos casos o procedemento legalmente establecido para a súa contratación.= Que a rebaixa nos ingresos procedentes do Estado ou da Comunidade Autónoma se pretende compensar con subidas de impostos (tal é o caso do IBI) ou de taxas municipais (recollida de lixo, ocupación con terrazas, etc.) ou co incremento da recadación por multas, etc., o que non lles parece xusto toda vez que dita subida non ven respaldado por unha mellora na prestación dos servizos.= Que estan de acordo con que se dote de máis recursos o servizo de axuda no fogar pero coidan que non debe ser o Concello quen asuma dito gasto senón que debería ser o Estado e a Comunidade Autónoma.= Por último, e coidando que o documento que se presenta é irregular o seu grupo votará en contra da súa aprobación.

Intervén a continuación o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para manifestar que os orzamentos deben reflectir como se fai goberno e cal é o obxectivo político do P.P., pero o documento que presentan lonxe de amosar iso é un orzamento cravado ó do ano anterior, que experimenta unicamente unha pequena variación duns 40.000 € no seu conxunto, no que se omiten todas as propostas apuntadas polo seu grupo no exercicio pasado, é futurible, recolle como únicas prioridades o pago das nóminas e gastos correntes, e presenta unha débeda moi alta.= Consideran que hai un desfase no documento e a normativa lle vai a esixir ó Concello un plan económico financeiro.= Que as rebaixas se producen en moitas partidas e pequenas cantidades, coidando que podería e debería rebaixarse o capítulo de gastos de persoal (baixa só 30.000 €), reducindo horas extras mal repartidas e productividades, e eliminarse certos postos vinculados á Alcaldía e as prazas vacantes, o que suporía en conxunto un aforro superior ós 200.000 €= Coidan que o orzamento debería axustarse máis á realidade.= Os gastos correntes suben en máis de 107.000 € entre gastos xurídicos e asesoría xurídica, festexos, folletos turísticos, premio de cobranza do ORAL, taxas a Portos de Galicia, baixa o mantemento de centros escolares nuns 24.000€ e sube o servizo de axuda no fogar en 20.000€, segue aparecendo unha partida de 300.000€ para alleamento de parcelas no polígono industrial e o Concello non conta cun inventario actualizado.= Remata dicindo que estes orzamentos mostran unha clara falta de transparencia e nunca estiveron abertos ó consenso político polo que o seu grupo votará en contra da súa aprobación.

Polo Sr. Alcalde contestáselles que os ornamentos son “presupostos”, e polo tanto as partidas mudan dun ano para outro, baixando unhas e subindo outras en función do que se prevé aínda que é normal que aparezan imprevistos aos que teñan que facerse fronte.= Que é certo que os orzamentos son continuistas, toda vez que seguen a liña do seu grupo político, sendo normal que garden relación cos do ano anterior, coas adaptacións correspondentes á realidade económica de cada momento.= En canto aos investimentos, sí se levaron a cabo pero non con cargo a fondos municipais, senón froito de convenios de colaboración asinados con outras administracións públicas o que demostra unha boa xestión e esperan continuar nesa mesma liña ó longo da lexislatura con actuacións importantes tanto na praza de abastos, como na cuberta da piscina municipal (cun investimento previsto duns 450.000€), entre outras.= Que van a continuar promocionando a Festa do Albariño por coidar que se trata do mellor reclamo publicitario de Cambados e dunha inversión que repercute directa e indirectamente de xeito moi positivo en tódolos sectores económicos, incluídos o da hostelería e o comercio, tal e como se corroborará co incremento masivo de visitantes ó longo dos anos.= Xestionar é conseguir inversións sen poñer un euro.

Continua a dicir o Sr. Alcalde entre outras cousas que o incremento na recaudación por multas ven dado en moitos casos polo aumento do número de visitantes o que lóxicamente pode incidir na comisión de máis actos denunciábeis en materia de tráfico, especialmente no relativo a aparcamentos indebidos.= Con respecto ás horas extras, páganselle ó persoal que as fai por necesidade do servizo (albariño, fins de semana, acumulación de tarefas, etc.), toda vez que o Concello ten que dar resposta a moitas demandas e non conta cunha plantilla tan numerosa se a comparamos con outros municipios da comarca.= Que sí hai control de gasto e un remanente orzamentario duns 250.000€= Que é certo que se incrementaron os gastos correntes, pero elo é consecuencia das necesidades as que debe facerse fronte; así, no caso dos gastos xurídicos unha parte considerable é consecuencia dun contencioso presentado hai tempo por unha familia moi coñecida de Cambados que reclamaba unha suma importante e que finalmente lle foi desestimada, pero o Concello víuse obrigado a asumir os honorarios devengados polo letrado designado para defender os intereses municipais, se ben grazas á xestión desta Alcaldía a minuta emitíuse pola cantidade mínima; o que se inviste en festexos e promoción turística é necesario toda vez que estamos a falar dun municipio con declaración de conxunto histórico-artístico, e o incremento do número de visitantes e o grado de atracción do noso pobo redunda directa ou indirectamente en beneficio de tódolos veciños e veciñas de Cambados.= Remata indicando que en xeral hai datos fundamentais que deben terse moi en conta como son o feito de que o Concello de Cambados está saneado economicamente, ten beneficios, e a súa débeda viva está moi por debaixo do súa capacidade de endebedamento, non foi necesario pedir o crédito ICO nin facer plans de axuste como noutros concellos, as nóminas non sufren retrasos e as facturas vanse pagando segundo os prazos acordados cos diferentes provedores, polo que non hai razóns para dicir que o Concello de Cambados está en risco, e o que se presenta é un ornamento realista e feito con sentido común.

Por alusións e para aclaracións intervén novamente o Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sr. Blanco Guerreiro para dicir que está de acordo coa importancia que ten para Cambados a promoción turística e a Festa do Albariño (quizá demasiado masificada nos últimos anos para

o seu gusto) e esperan austeridade e transparencia, especialmente na relación de invitados ó xantar, pero pouco se fai a favor do sector se se lle suben as taxas aos hosteleiros; que se hai publicidade é porque se gasta en anuncios, reportaxes, etc.; no referente ás horas extras, non protestan porque se fagan se son necesarias, senón porque sempre son as mesmas persoas, coidando que a produtividade da policía debería incluírse dentro do seu complemento específico; pide concreción nos conceptos de certas facturas e coida que non se gasta excesivamente pero si que se gasta mal; lle sorprende a subida o importe por cobranza do ORAL (coida que cun funcionario e un programa axeitado sería de abondo e o Concello aforraría unha cantidade importante, ou ben que se elimine a praza de administrativo-recadador).= Indica asimesmo que lle parece excesiva a cantidade en concepto de taxas a Portos de Galicia e moi baixa a destinada a mantemento de centros escolares de ahí que en moitas ocasións sexa preciso aprobar expedientes de modificación de créditos como reflexo da falla de previsión, coidando que moitos dos traballos ben podería levarlos a cabo persoal municipal.= Que a subida nos gastos do servizo de axuda no fogar é consecuencia dos recortes que está a facer o P.P. no Estado e na Xunta de Galicia.= Lle parece inaceptable que se gasten 15.000 € nun xantar para os xubilados cando se fala de implantar o co-pago de medicamentos; que non se amplien as axudas a estudos para veciños tanto en importes como en niveis educativos, incluíndose as taxas por matrícula; ou que siga aparecendo ano tras ano ingresos por alleamento de parcelas no polígono industrial; e fai referencia ó indicado no informe de intervención en relación coa produtividade, gratificacións, persoal laboral temporal, direccións de obra, etc.= Por todo elo, e por razóns similares ás de anos anteriores: falta de previsión e transparencia, non abertos ó consenso, nin á incorporación de propostas, etc., van a votar en contra.

Intervén novamente o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para manifestar que esas partidas imponderables (lógicas ante situacións catastróficas) non as critican, pero lles parece ridícula a partida para centros escolares; que non falan de despedir persoal senón de reducións de vacantes que non están ocupadas; que se poden reducir gastos da Festa do Albariño sen que elo afecte negativamente na súa repercusión; e que no referente ás horas extras hai algúns que chegan ás cincocentas ó ano, moi por enriba do permitido pola lei e aínda que se fala de que o importe é asumido en moitos casos con fondos doutras administracións indirectamente tamén saen dos petos dos veciños.

Por parte do Sr. Alcalde acláraselles que, con respecto ás terrazas o incremento de ingresos virá dado polo aumento que están a experimentar as solicitudes de licenza, e evidentemente vanse a permitir a súa intalación en máis zonas, habida conta da situación económica actual, compaxinándoas co dereito dos veciños a circular libremente polas beirarrúas e prazas municipais.= Con respecto á Festa do Albariño a instalación da carpa gastronómica, supón uns ingresos para o Concello duns 60.000€ se lles ofreceu en varias ocasións aos hostelerios cunha rebaixa do 50% e ningún deles aceptou a proposta, e se ben aos hosteleiros se lles vai a dar máis facilidades, o servizo no Paseo da Calzada é moi necesario.= Con respecto ás horas extras son sempre dos mesmos porque son dos servizos que se necesitan e teñen dispoñibilidade para facelas.= Por último, fai fincapé en que as taxas teñen uns

importes aceptables en comparación coas do resto dos concellos da comarca, e atopámonos en mellor situación económica.

Rematadas as intervencións sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

* Votos en contra: seis (Sres.: Caamaño Rivas, Cacabelos Dominguez, Charlín González, Blanco Guerreiro, Abal Roma e Vieites Fariña).

* Votos a favor: once (Sres: Cores Chaves, Martínez Eiras, Varela Piñeiro, Iglesias Pombo, Bea Troncoso, Rey Vázquez, Gómez Blanco, Pomares Botana, Oubiña Santos, Quintáns Cores e Sr. Alcalde.

* Abstencións: ningunha

O Pleno da Corporación, por maioría, acorda:

1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2012, que se eleva, tanto en gastos como en ingresos, á contía de oito millóns douscentos noventa e seis mil cento setenta e seis con dezaseis céntimos (8.296.176,16 €), que se concreta nos seguintes resúmenes por Capítulos:

| GASTOS | | | INGRESOS | | |
|--------|------------------------------------|--------------|----------|--------------------------------|--------------|
| Cap | Denominación | Importe € | Cap | Denominación | Importe € |
| 1 | Gastos de persoal | 3.826.806,71 | 1 | Impostos directos | 2.094.782,15 |
| 2 | Gtos. en bens correntes e servizos | 3.341.960,00 | 2 | Impostos indirectos | 275.000,00 |
| 3 | Gastos financeiros | 39.051,09 | 3 | Taxas e outros ingresos | 2.148.102,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 184.139,34 | 4 | Transferencias correntes | 3.143.443,25 |
| 6 | Investimentos reais | 413.000,00 | 5 | Ingresos patrimoniais | 114.642,76 |
| 7 | Transferencias de capital | 157.002,00 | 6 | Alleamento de inversións reais | 300.000,00 |
| 8 | Activos financeiros | 18.000,00 | 7 | Transferencias de capital | 202.204,00 |
| 9 | Pasivos financeiros | 316.217,02 | 8 | Activos financeiros | 18.000,00 |
| | | | 9 | Pasivos financeiros | 2,00 |
| | TOTAL | 8.296.176,16 | | TOTAL | 8.296.176,16 |

2º.- Aproba-las Bases de Execución do Orzamento, tal como se atopan redactadas, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria organización e circunstancias do propio Concello.

3º.- Segundo o disposto no artigo 90 da Lei 7/85, do 2 de Abril, prestarlle aprobación á Relación de Postos de Traballo do Concello de Cambados, que se incorpora como anexo ó documento orzamentario.

4º.- Aproba-los cadros de retribucións, tanto de funcionarios como de persoal laboral, coas contías que figuran nos mesmos. Así mesmo, aproba-lo cadro do valor hora, para as prestadas fora da xornada normal, tal como figura nas Bases de Execución do Orzamento; e,

5º.- Que se expoña ó público o expediente por prazo de 15 días hábiles, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Consistorial e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, ou de non basearse estas nalgún dos supostos do art. 170.2 do TRLRFL, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, sen necesidade de novo acordo, remitíndose posteriormente copias á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia, publicándose finalmente Edicto do Orzamento, resumido por Capítulos, conxuntamente coa Relación de Postos de Traballo aprobada, no referido B.O.P., todo elo segundo se establece pola citada lexislación vixente.

3º.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO ICIO.-

Dictaminado favorablemente o asunto en Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio celebrada o día 25 de abril de 2012, cos votos a favor dos Sres. Iglesias Pombo, Varela Piñeiro e Sr. Alcalde, o voto en contra do Sr. Caamaño Rivas e a abstención do Sr. Blanco Guerreiro, propónse ó Pleno da Corporación adopte acordo en base ó seguinte:”**PARTE EXPOSITIVA.**- Á vista do expediente formado, a Alcaldía propón que, previo ditame da Comisión de Facenda e Patrimonio, o Pleno da Corporación adopte o acordo de modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras nos seguintes termos:= Modifícase o artigo 5 da actual ordenanza para engadir o presente anexo I e o baremo de valoración como importes mínimos de coste de execución material.= **ARTIGO 5.- Xestión.**= 1. Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando, non habéndose solicitado, concedido ou denegado aínda dita licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, o obrigado tributario presentará unha autoliquidación na que a base impositiva provisional determinarase en función de:= * O orzamento presentado polos interesados sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente, cando isto constituía un requisito preceptivo.= * No caso de que non sexa necesario presentar proxecto visado ou se este resultase manifestamente infravalorado ó xuízo dos técnicos municipais, aplicaranse os índices ou módulos que a presente Ordenanza establece ó efecto, no Anexo I da mesma que terán en todo caso a consideración de importes mínimos.= 2. No caso de que se modifique o proxecto de construción, instalación ou obra e houbese incremento do valor segundo o orzamento de execución material, ou segundo o de módulos, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria con suxeición ós prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores”.= **ANEXO I.= Manual para obter o orzamento de execución material dunha construción ou obra maior: orzamento de referencia.**= **I.- Normas xerais, criterios de valoración:**= a.- Un traballo considerárase incluído no punto que lle corresponde de acordo co destino predominante da superficie, incluíndose as superficies con destinos minoritarios, só se dividirá en varios puntos cando cada destino minoritario supere o 20% da superficie total; neste caso valorárase independentemente.= b.- A superficie total construída é a suma de cada unha das plantas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas de fachada, tanto interiores como exteriores e os eixes de medianeras compartidos se dar o caso.= **2.- Estimación simplificada dos orzamentos de execución material da edificación.= I. Definicións:**= **Mb.-** Módulo básico.= **Mc.-** Módulo de construción ou de referencia.= **S.-** Superficie total construída en m².= **Ct.-** Coeficiente corrector en función da tipoloxía da edificación.= **Cu.-** Coeficiente corrector en función do uso da edificación.= **Pemb.-** Orzamento de execución material segundo módulos básicos.= **Pem.-** Orzamento de execución material do proxecto.= **II. Módulo básico.**= Establécese un prezo en €/m² de edificación da tipoloxía da edificación aplicable ás distintas construcións. **Mb=408,00 €/m².**= **III. Superficie construída por uso:**= Un traballo considérase ou non incluído no apartado que lle corresponde de acordo co uso predominante da superficie, no que se inclúen as superficies con destinos minoritarios, tal e como se especifica no punto 1.1.1.= **IV. Coeficiente por tipoloxía: (Ct).**= **a. En edificacións de nova planta e adicións:**= **1,20** Edificación illada (4 fachadas) vivenda familiar illada e sotos 3º e seguintes.= **1,10** Agrupación en fila, sotos 1º e 2º.= **1,00** Edificio en rúeiro pechado, edificación aberta vivenda colectiva.= **b. En obras de reforma e rehabilitación:**= **1,20** Rehabilitación total, incluído desmontar fachadas.= **1,00** Adecuación interior de plantas baixas e entrechás, rehabilitación integral do edificio conservando só fachadas.= **0,65** Rehabilitación de instalacións e acabados.= **0,50** Reformas que afecten só a elementos estruturais.= **0,35** Rehabilitación de fachadas e

substitución de carpintería e peches(referido á superficie de fachada).= **0,07** Demolicións e derrubamentos (aplicada á superficie que se vaia demoler).= **V Coeficiente de uso. Cu.= Segundo o tipo de edificación:= 1,60**Auditorios, museos teatros, hoteis de 5 estrelas, edificios bancarios.= **1,50** Hospitais, laboratorios.= **1,40** Bibliotecas, facultades e escolas universitarias, hoteis de catro estrelas, edificios penitenciarios, terminais marítimas e aéreas.= **1,30** Clubs sociais, cines, centros de saúde, balnearios, hoteis de tres estrelas, salas de festas, discotecas, colexios con residencia.= **1,20** Casas de cultura, casas consistoriais, locais bancarios, consultorios, centros de culto, cuarteis e matadoiros.= **1,10** Vivenda, hoteis de dúas estrelas, residencias universitarias, moteis.= **1,00** Residencias VPO, oficinas, garderías, centros escolares, hoteis dunha estrela, ambulatorios, hostais-residencia, restaurantes, estacións de autobuses, salas de exposicións, piscinas cubertas.= **0,90** Bares, mercados.= **0,80** Centros comerciais, pavillóns deportivos cubertos, vestiarios, bungalows, servizos, cámping.= **0,65** Edificios de estacionamento, locais comerciais, establecementos comerciais, industria escarparte.= **0,50** Piscinas descubertas, cemiterios.= **0,40** Garaxes e estacionamentos, estacións de servizo.= **0,35** Trasteiros, locais en planta baixa ou semisoto sen uso específico, terrazas asoportaladas e terrazas abertas.= **0,30** Almacéns e naves industriais, instalacións deportivas descubertas, naves, granxas, cubertos, depósitos, bancadas, panteóns (por nicho).= **0,15** Acondicionamento de naves con obras mínimas.= **0,10** Proxectos de urbanización (adsritos a edificacións), áreas deportivas, parcelas cámping.= **0,05** Xardíns, pistas de terra e formigón, piscinas privadas, tratamento de espazos exteriores, acondicionamento de terreos.=

3.- Obtención do orzamento de execución material segundo módulos básicos:= $Pemb = 3.1. \text{Módulo de construción:} = Mc = Mb \times Ct \times Cu.$

3.1. Orzamento de execución material segundo módulos básicos:= $Pemb = Mbi \times Si = Mci.$ Módulo de acordo coa construción que corresponda ao destino dominante da superficie.= **Si.** Superficie construída de acordo co destino predominante da mesma.= Este orzamento así obtido será o orzamento de referencia para o cálculo da liquidación.=

4. Módulos para a obtención do orzamento de execución material das obras menores.= Establécense os seguintes módulos para calcular o orzamento de execución material mínimo das obras menores.= No listado que segue detállanse, na primeira columna a base física na que se apoia o módulo entre as que distinguimos M2, M3, Ml e Ud, na columna central a tipoloxía da obra e na columna da esquerda o valor en € de cada unidade.= No caso de que a tipoloxía da obra non se atope contemplada no listado, aplicarase o módulo que de acordo coa natureza da obra e os materiais que se vaian empregar máis se lle asemelle.= Para o calculo do orzamento haberá que multiplicar o número de unidades de que conste a obra menor polo valor asignado a cada tipoloxía.= **M2 = Metros cadrados.= M3 = Metros Cúbicos.= Ml = Metros lineais.= Ud = Unidade.=** M2 Obras en xeral de reforma de pouca entidade (acabados interiores) 137,47 €/m2.= **ACTUACIÓNS PREVIAS**

| | | |
|----|-------------------------------|--------|
| M2 | Apeo estrutura | 11,93 |
| M2 | Levantado material cobertura | 5,81 |
| Ml | Desmontaxe baixante e canlón | 2,45 |
| M2 | Demolición pavimento | 6,61 |
| M2 | Picado revestimento de recebo | 6,48 |
| M2 | Levantado azulexos e chapados | 6,78 |
| M2 | Demolición falsos teitos | 3,39 |
| M2 | Demolición tabique | 5,40 |
| M2 | Levantado carpintería | 3,39 |
| M2 | Apertura e formación de oco | 64,71 |
| Ud | Levantado mobiliario cociña | 140,80 |

| | | |
|-----------|---|---------------|
| <i>Ud</i> | <i>Levantado sanitarios</i> | <i>10,53</i> |
| <i>Ud</i> | <i>Levantado radiador e accesorios</i> | <i>21,51</i> |
| <i>Ud</i> | <i>Desmontaxe instalación calefacción</i> | <i>178,13</i> |
| <i>Ud</i> | <i>Desmontaxe instalación eléctrica</i> | <i>118,76</i> |
| <i>Ml</i> | <i>Levantado de varanda ou reixa</i> | <i>3,14</i> |

RESTAURACIÓN

| | | |
|-----------|---|--------------|
| <i>M2</i> | <i>Limpeza de fachadas</i> | <i>7,45</i> |
| <i>M2</i> | <i>Arrexuntado de fachadas de pedra</i> | <i>12,72</i> |
| <i>Ud</i> | <i>Reparación e ancoraxe de pezas de fachada</i> | <i>7,64</i> |
| <i>M2</i> | <i>Restauración carpintaría de Madeira</i> | <i>57,22</i> |
| <i>Ml</i> | <i>Reparación de varanda</i> | <i>41,96</i> |
| <i>M2</i> | <i>Reparación de reixa</i> | <i>52,63</i> |
| <i>M2</i> | <i>Limpeza de cuberta</i> | <i>3,12</i> |
| <i>M2</i> | <i>Retellar (substitución tellas rotas e colocación tellas fóra de sitio)</i> | <i>9,37</i> |

ACONDICIONAMENTO TERREO

| | | |
|-----------|---------------------------------------|--------------|
| <i>M2</i> | <i>Limpeza e nivelación de terras</i> | <i>2,15</i> |
| <i>M3</i> | <i>Achega de terra vexetal</i> | <i>32,93</i> |
| <i>Ml</i> | <i>Drenaxe de grava</i> | <i>15,75</i> |
| <i>Ml</i> | <i>Drenaxe con tubo</i> | <i>25,12</i> |
| <i>M3</i> | <i>Apertura de gabias</i> | <i>9,39</i> |
| <i>M3</i> | <i>Recheo e compactado de gabias</i> | <i>3,25</i> |

INSTALACIÓNS EXTERIORES

| | | |
|-----------|--|-----------------|
| <i>Ud</i> | <i>Pozo de auga</i> | <i>1.789,91</i> |
| <i>M3</i> | <i>Depósito de auga</i> | <i>218,70</i> |
| <i>Ud</i> | <i>Instalación fosa séptica</i> | <i>973,17</i> |
| <i>Ud</i> | <i>Depósito de gas aéreo</i> | <i>1.212,56</i> |
| <i>Ud</i> | <i>Depósito de gas enterrado</i> | <i>3.305,27</i> |
| <i>Ud</i> | <i>Instalación antena parabólica unitaria</i> | <i>588,01</i> |
| <i>Ud</i> | <i>Instalación antena parabólica colectiva</i> | <i>4.241,20</i> |

TABICARÍA

| | | |
|-----------|--|--------------|
| <i>M2</i> | <i>Tabique de ladrillo</i> | <i>15,88</i> |
| <i>M2</i> | <i>Tabique de cartón xeso</i> | <i>29,49</i> |
| <i>M2</i> | <i>Trasencostado de muro con tabique e illamento térmico</i> | <i>26,70</i> |
| <i>M2</i> | <i>Tabique vidro moldeado</i> | <i>88,51</i> |

ACABADOS

| | | |
|-----------|--|--------------|
| <i>M2</i> | <i>Revestimento de recebo e lucido</i> | <i>11,73</i> |
| <i>M2</i> | <i>Azulexado</i> | <i>19,42</i> |
| <i>M2</i> | <i>Chapado de pedra (granito, lousa, mármore ou similares)</i> | <i>75,52</i> |
| <i>M2</i> | <i>Revestimento de paneis metálicos</i> | <i>48,42</i> |

| | | |
|----|--|-------|
| M2 | Revestimento de paneis de madeira ou fibras | 25,31 |
| M2 | Revestimento de materiais plásticos | 20,98 |
| M2 | Revestimento monocapa continuo | 21,03 |
| M2 | Pintura plástica exterior | 9,37 |
| M2 | Pintura plástica interior | 4,43 |
| M2 | Recrecido morteiro de cimento | 6,52 |
| M2 | Pavimento de baldosas de terrazo | 21,90 |
| M2 | Pavimento de baldosas de pedra (granito, lousa, mármore, etc.) | 85,44 |
| M2 | Pavimento de baldosas de cerámica | 25,89 |
| M2 | Pavimento de Madeira | 60,44 |
| M2 | Pavimento de materiais laminados (vinilo, PVC, goma) | 26,85 |
| M2 | Revestimento de cortiza | 27,15 |
| M2 | Revestimento de material téxtil (fibras sintéticas, moquetas, etc) | 18,94 |
| M2 | Soleira de formigón | 26,73 |
| M1 | Chanzo | 56,10 |
| M2 | Falso teito continuo de escaiola ou xeso-cartón | 16,91 |
| M2 | Falso teito modular | 21,09 |

CARPINTERÍA E ACRISTALAMENTOS

| | | |
|----|--|--------|
| M2 | Substitución carpintería de Madeira | 116,52 |
| M2 | Substitución carpintería de aluminio | 165,08 |
| M2 | Substitución carpintería de PVC | 148,89 |
| M2 | Substitución carpintería de aceiro | 234,32 |
| M2 | Acrystalamento con vidro normal | 23,74 |
| M2 | Acrystalamento con dobre vidro | 46,87 |
| M2 | Acrystalamento con vidro de seguridade | 119,77 |

DEFENSAS

| | | |
|----|--|--------|
| M1 | Substitución varanda de pedra (h= 90 cm) | 93,88 |
| M1 | Substitución varanda metálica (h= 90 cm) | 50,07 |
| Ud | Porta blindada | 973,17 |
| M2 | Reixa metálica | 67,70 |
| M2 | Persiana de seguridade metálica | 136,26 |
| M2 | Celosía | 50,45 |

CUBERTA

| | | |
|----|--|-------|
| M2 | Cuberta de placas de fibrocemento | 19,05 |
| M2 | Cuberta de placas de aceiro galvanizado ou prelacado | 29,20 |
| M2 | Cuberta de tella | 29,76 |
| M2 | Cuberta de lousa | 35,50 |
| M2 | Cuberta de zinc | 78,19 |
| M2 | Cuberta de cobre | 94,61 |
| M2 | Impermeabilización de terraza ou cuberta plana | 16,19 |
| M1 | Baixante de PVC | 11,45 |

| | | |
|----|---------------------------------------|--------|
| Ml | Baixante de zinc-cobre-titanio | 24,99 |
| Ml | Baixante de chapa de aceiro prelavado | 15,63 |
| Ud | Gardacanos fundición ata h= 2 m | 111,72 |
| Ml | Canlón de PVC | 17,75 |
| Ml | Canlón de zinc-cobre-titanio | 33,35 |
| Ml | Canlón de chapa de aceiro prelavado | 24,99 |
| Ud | Claraboia | 184,91 |

INSTALACIÓNS INTERIORES

| | | |
|----|---|----------|
| Ml | Tabo de fontanaría instalada | 5,02 |
| Ud | Instalación rede auga fría e quente aseo (lavabo + inodoro) | 133,00 |
| Ud | Instalación rede auga fría e quente aseo (lavabo + inodoro + ducha) | 161,67 |
| Ud | Instalación rede auga fría e quente baño completo | 220,96 |
| Ud | Instalación rede auga fría e quente cociña | 165,73 |
| Ud | Lavabo | 168,31 |
| Ud | Inodoro | 239,52 |
| Ud | Ducha | 161,61 |
| Ud | Bañeira | 181,26 |
| Ud | Bidé | 142,41 |
| Ud | Urinario | 131,23 |
| Ud | Fregadeiro | 192,57 |
| Ud | Lavadoiro | 150,80 |
| Ud | Termo eléctrico | 272,60 |
| Ud | Quentador a gas | 353,02 |
| Ud | Instalación de gas interior de vivenda | 306,08 |
| Ud | Caldeira mural para calefacción | 1.184,38 |
| Ud | Caldeira mural para calefacción e auga quente | 1.766,06 |
| Ud | Instalación completa de calefacción en vivenda | 4.980,26 |
| Ud | Instalación completa rede eléctrica en vivenda | 1.706,37 |
| Ud | Instalación aire acondicionado vivenda | 1.562,13 |

ELEMENTOS ASOCIADOS A FACHADAS

| | | |
|-----|-----------------------------------|--------|
| M2 | Toldo | 142,41 |
| M2 | Marquesiña | 224,42 |
| M2 | Rótulo opaco | 329,07 |
| M2 | Rótulo luminoso | 456,38 |
| M2 | Carteleira publicitaria | 34,53 |
| M2. | Pintura de anuncios, rótulos, etc | 142,41 |
| Ud | Lápida | 62,59 |

VALOS E PECHES

| | | |
|----|--|-------|
| M2 | Limpeza, consolidación ou reparación de peches | 13,12 |
| M2 | Colocación valo de obra | 6,25 |
| Ml | Chantos de pedra | 25,89 |

| | | |
|----|---|--------|
| M1 | Peche de postes e arame | 18,34 |
| M2 | Peche de postes e tea metálica | 18,95 |
| M2 | Peche metálico | 57,18 |
| M2 | Peche fundición | 90,63 |
| M2 | Peche fábrica bloque ou ladrillo para revestir, incluído revestimento | 33,31 |
| M2 | Peche fábrica bloque ou ladrillo visto | 45,86 |
| M2 | Peche fábrica de pedra | 98,41 |
| M3 | Formigón armado en formación muro | 264,55 |
| M2 | Porta metálica entrada a parcela | 89,56 |
| M2 | Porta fundición entrada a parcela | 204,99 |
| Ud | Formación entrada a parcela, incluída canalización | 383,01 |

MÓDULOS PARA O CÁLCULO DO ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL DE ACOMETIDAS DE AUGA:= *Acometida de auga potable:* No Rural: **223,91€**= Na zona Urbana: **249,94€**= *Acometida de augas fecais:* No rural: De menos de 10 metros: **391,58€**= Entre 10 e 20 metros: **468,64€**= De máis de 20 metros: **699,83€**= Na zona urbana: **285,35€**= *Acometida de augas pluviais:* Na zona urbana: **285,35€**= **DISPOSICIÓN FINAL.**= A modificación da presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Intervén o Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sr. Blanco Guerreiro para manifestar que esta modificación vai a suponer un incremento considerable e non estan de acordo en subir máis as taxas e os impostos.

Toma a palabra o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para manifestar que o seu grupo coida que non é o momento de facer esta modificación xa que se están a subir tódolos impostos por parte do Estado, a Xunta e os Concellos; que a taxa vai a ser alta o pode repercutir negativamente noutras cousas; que o sector da construción subsiste neste momento grazas aos pequenos proxectos, e hai módulos que suben moito, e tendo en conta que as licenzas estan paralizadas dende agosto, todo elo pode dar lugar a menos solicitudes e máis obras sen a correspondente autorización.

Por parte do Sr. Alcalde contéstaselles que o ICIO non sube e que o que se está a facer e unha revisión das taboas que se toman como referencia para os presupostos, toda vez que en moitos casos están infravaloradas.= Que a medida pode afectar ás grandes construcións pero non ás pequenas obras, que as taboas son orientativas e os prezos están xustificadas.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

* Votos en contra: seis (Sres.: Caamaño Rivas, Cacabelos Dominguez, Charlín González, Blanco Guerreiro, Abal Roma e Vieites Fariña).

* Votos a favor: once (Sres: Cores Chaves, Martínez Eiras, Varela Piñeiro, Iglesias Pombo, Bea Troncoso, Rey Vázquez, Gómez Blanco, Pomares Botana, Oubiña Santos, Quintáns Cores e Sr. Alcalde.

* Abstencións: ningunha

O Pleno da Corporación, por maioría, acorda:

1º.- Aprobar a modificación do artigo 5 (XESTION) da actual Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto Sobre Construcción, Instalacións e Obras (publicada no B.O.P. nº 248 do 23 de decembro de 2008), engadíndolle asimesmo o Anexo I e o baremo de valoración segundo se recolle na Proposta da Presidencia e no ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio que quedou transcrita.

2º.- Que se expoña ó público por prazo de trinta días, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Consistorial a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de presentarse serán sometidas ó Pleno da Corporación para a súa resolución; e

3º.- Que, de non formularse reclamacións algunha, se entenda definitivamente adoptado o presente acordo, ata entón provisional, e se publique o texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia, ós efectos da súa entrada en vigor.

4º.- APROBACION, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CREDITO EXTRAORDINARIO Nº 2/2012.- Dictaminado favorablemente en Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio celebrada o día 25 de abril de 2012, cos votos a favor dos Sres. Iglesias Pombo, Varela Piñeiro, e Sr. Alcalde e as abstencións do Sr. Blanco Guerreiro e Sr. Caamaño Rivas, propónse ó Pleno da Corporación adopte acordo co seguinte tenor literal: =” **PARTE EXPOSITIVA.** = *Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, e para os que non existe crédito no vixente orzamento da Corporación, e dado que cabe efectuar anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións estímense reducibles sen perturbación do respectivo servizo, incoouse expediente para a tramitación do crédito extraordinario número 2/2012 por importe de 93.992,26 euros.= O obxecto de dita modificación orzamentaria é dotar as aplicacións necesarias para que poidan ser aprobados, nun expediente posterior de recoñecemento extraxudicial de créditos gastos que foron realizada cunha serie de deficiencias administrativas e que determinan que ditos expediente adoezan de vicios de invalidez. Como dita invalidación traería consecuencias inxustas e lesivas para a parte a quen non é imputable a causa de nulidade, a Xurisprudencia do Tribunal Supremo ven aplicando nestes casos a “teoría do enriquecemento inxusto”, segundo a cal “non se pode alegar como impedimento no cumprimento da obriga de pago a ausencia de certas formalidades” (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986), e ademais débese ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns.= O financiamento de dito expediente o constitúe a baixa por anulación, isto é, a diminución total ou parcial do crédito asignado ás seguintes prazas dotadas no cadro de retribucións do orzamento vixente, e das cales non se vai a proceder a súa cobertura inmediata, polo que prodúcese un exceso de consignación:= - Inspector: minórase na súa totalidade, por comisión de servizos do seu titular.= - Oficial Policía local: minórase crédito por 6 meses, xa que non se prevé a cobertura de dita praza antes do mes de xuño.= - Administrativo recadador: como no caso anterior, diminúese crédito por media anualidade.= - Letrado Asesor-Xurídico: minórase crédito en 5 mensualidades.= Á vista do exposto, esta Presidencia propónlle á Comisión Informativa teña a ben emitir ditame favorable e formularlle proposta ó Pleno da Corporación, de adopción do acordo seguinte:= 1.-Aprobar inicialmente o Expediente de*

Modificación de Créditos, modalidade de crédito extraordinario 2/2012, por un importe total de 93.992,26 euros, financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias do orzamento vixente non comprometidas, sen que se vexa perturbado o respectivo servizo, de acordo coa seguinte distribución: = Altas nas aplicacións de gastos.-

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|-------------------|---|--------------------|
| 920.227.00 | GASTOS LIMPEZA ADMON. XERAL POR EMPRESA ALLEA | 3.229,61 € |
| 333.226.06 | ACTIVIDADES MUSEOS | 592,30 € |
| 321.622.95 | OBRAS EN CENTROS ESCOLARES | 47.199,99 € |
| 342.623.95 | EQUIPAMENTO EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS | 7.632,24 € |
| 441.623.95 | EQUIPAMENTO PARADA TAXIS | 1.689,71 € |
| 453.619.95 | INVERSIÓN EN ESTRADAS | 14.142,30 € |
| 454.619.95 | INVERSIÓN EN CAMIÑOS VECIÑAIS | 19.506,11 € |
| | TOTAL | 93.992,26 € |

Baixas ou anulacións nas aplicacións de gastos.-

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|-------------------|---|--------------------|
| 132.120.01 | Retrib. Básicas Policía Local. Soldos grupo A2 | 12.906,52 € |
| 132.120.03 | Retrib. Básicas Policía Local. Soldos grupo C2 | 4.942,42 € |
| 132.120.06 | Trienios Policía Local | 1.706,04 € |
| 132.121.00 | Retrib. Complem. Policía Local. Complemento de destino | 8.919,54 € |
| 132.121.01 | Retrib. Complem. Policía Local. Complemento Específico | 14.316,74 € |
| 132.160.00 | Seguridade Social Policía Local | 13.751,82 € |
| 931.120.03 | Retrib. Básicas funcionarios Admon financeira e tributaria. Soldos grupo C1 | 5.004,12 € |
| 931.121.00 | Retrib. Complem. funcionarios Admon financeira e tributaria. C destino | 2.368,74 € |
| 931.121.01 | Retrib. Complem. funcionarios Admon financeira e tributaria. C específico | 4.271,07 € |
| 931.160.00 | Seguridade Social funcionarios Admon financeira e tributaria | 3.726,06 € |
| 920.120.00 | Retrib. Básicas funcionarios Admon Xeral. Soldos grupo A1 | 7.338,30 € |
| 920.121.00 | Retrib. Complem. Funcionarios Admon Xeral. Complemento destino | 5.570,95 € |
| 920.121.01 | Retrib. Complem. Funcionarios Admon Xeral. Complemento específico | 9.169,94 € |
| | TOTAL | 93.992,26 € |

2.- Que se expoña ó público, mediante edicto no Taboleiro da Casa Consistorial e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de exame e reclamacións, e de non presentarse estas, entenderase automaticamente elevado o presente acordo a definitivo, continuándose cos demais trámites esixidos polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, en concordancia co Real Decreto 500/90 do 20 de abril.”

Intervén o Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sr. Blanco Guerreiro, para manifestar que van a aplicar a mesma argumentación para os puntos 4º e 5º da orde do día, e remitíndose ó informe de intervención, manteñen que utilizar prazas sen cubrir non é o procedemento correcto xa que pode facerse doutro xeito.

Toma a palabra a continuación o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para decir que tamén o seu grupo vai a referirse conxuntamente aos puntos 4º e 5º da orde do día e non están de acordo coa argumentación que se fai para xustificar ambos expedientes cos que o grupo de goberno quere “tapar buratos”; que o informe de intervención é moi claro, e entenden que as cousas hai que facelas, pero non de calquera xeito e moito menos sen procedemento. Por elo non lle van a prestar aprobación.

Polo Sr. Alcalde contéstaselles que o que está claro é que hai que buscarlle solución aos problemas e moitas veces estes xurden como consecuencia de obras ou actuacións que se están a realizar e deben resolverse de inmediato non só por operatividade senón tamén por economía, o que fai que administrativamente poidan ser moi mellorables ó non axustarse estrictamente os tempos e pasos ó establecido nos procedementos.= Indica asimesmo que se ben tamén é certo que por parte da intervención se formulan reparos (uns trinta ou corenta ó ano), coida que non deben calificarse de excesivos se os comparamos co número doutros concellos próximos e temos en conta tamén o volume da actividade municipal.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

* Votos en contra: seis (Sres.: Caamaño Rivas, Cacabelos Dominguez, Charlín González, Blanco Guerreiro, Abal Roma e Vieites Fariña).

* Votos a favor: once (Sres: Cores Chaves, Martínez Eiras, Varela Piñeiro, Iglesias Pombo, Bea Troncoso, Rey Vázquez, Gómez Blanco, Pomares Botana, Oubiña Santos, Quintáns Cores e Sr. Alcalde.

* Abstencións: ningunha

O Pleno da Corporación, por maioría, acorda:

1.- Aprobar inicialmente o Expediente de Modificación de Créditos, modalidade de crédito extraordinario 2/2012, por un importe total de 93.992,26 euros, financiado mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións orzamentarias do orzamento vixente non comprometidas, sen que se vexa perturbado o respectivo servizo, de acordo coa seguinte distribución:= Altas nas aplicacións de gastos.-

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|------------|---|--------------------|
| 920.227.00 | GASTOS LIMPEZA ADMON. XERAL POR EMPRESA ALLEA | 3.229,61 € |
| 333.226.06 | ACTIVIDADES MUSEOS | 592,30 € |
| 321.622.95 | OBRAS EN CENTROS ESCOLARES | 47.199,99 € |
| 342.623.95 | EQUIPAMENTO EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS | 7.632,24 € |
| 441.623.95 | EQUIPAMENTO PARADA TAXIS | 1.689,71 € |
| 453.619.95 | INVERSIÓN EN ESTRADAS | 14.142,30 |
| 454.619.95 | INVERSIÓN EN CAMIÑOS VECIÑAIS | 19.506,11 € |
| | TOTAL | 93.992,26 € |

Baixas ou anulacións nas aplicacións de gastos.-

| APLICACIÓN | DENOMINACIÓN | IMPORTE |
|------------|---|-------------|
| 132,120,01 | Retrib. Básicas Policía Local. Soldos grupo A2 | 12.906,52 € |
| 132,120,03 | Retrib. Básicas Policía Local. Soldos grupo C2 | 4.942,42 € |
| 132,120,06 | Trienios Policía Local | 1.706,04 € |
| 132,121,00 | Retrib. Complem. Policía Local. Complemento de destino | 8.919,54 € |
| 132,121,01 | Retrib. Complem. Policía Local. Complemento Específico | 14.316,74 € |
| 132,160,00 | Seguridade Social Policía Local | 13.751,82 € |
| 931.120.03 | Retrib. Básicas funcionarios Admon financeira e tributaria. Soldos grupo C1 | 5.004,12 € |
| 931.121.00 | Retrib. Complem. funcionarios Admon financeira e tributaria. C destino | 2.368,74 € |
| 931.121.01 | Retrib. Complem. funcionarios Admon financeira e tributaria. C específico | 4.271,07 € |

| | | |
|------------|---|--------------------|
| 931.160.00 | Seguridade Social funcionarios Admon financeira e tributaria | 3.726,06 € |
| 920.120.00 | Retrib. Básicas funcionarios Admon Xeral. Soldos grupo A1 | 7.338,30 € |
| 920.121.00 | Retrib. Complem. Funcionarios Admon Xeral. Complemento destino | 5.570,95 € |
| 920.121.01 | Retrib. Complem. Funcionarios Admon Xeral. Complemento específico | 9.169,94 € |
| | TOTAL | 93.992,26 € |

2.- Que se expoña ó público, mediante edicto no Taboleiro da Casa Consistorial e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días hábiles, a efectos de exame e reclamacións, e de non presentarse estas, entenderase automaticamente elevado o presente acordo a definitivo, continuándose cos demais trámites esixidos polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, en concordancia co Real Decreto 500/90 do 20 de abril.”

5º.- APROBACION, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS Nº 2/2012.- Dictaminado favorablemente en Comisión

Informativa de Facenda e Patrimonio celebrada o día 25 de abril de 2012, cos votos a favor dos Sres. Iglesias Pombo, Varela Piñeiro, e Sr. Alcalde e as abstencións do Sr. Blanco Guerreiro e Sr. Caamaño Rivas, proponse ó Pleno da Corporación adopte acordo co seguinte tenor literal:= **“PARTE EXPOSITIVA.** = *En exercicios económicos pechados e no presente exercicio 2012 foron realizados os gastos que a continuación se relacionan, con indicación dos terceiros acredores e os importes correspondente a ditos gastos. = A tramitación de ditos gastos foi realizada cunha serie de deficiencias administrativas que determinan que ditos expediente adoezan de vicios de invalidez.= Dita invalidación traería consecuencias inxustas e lesivas para a parte a quen non é imputable a causa de nulidade. Por iso, a Xurisprudencia do Tribunal Supremo ven aplicando nestes casos a “teoría do enriquecemento inxusto”, segundo a cal “non se pode alegar como impedimento no cumprimento da obriga de pago a ausencia de certas formalidades” (Sentencias de 25 e 8 de outubro de 1986, e 12 de febreiro de 1990), e ademais débese ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. = O recoñecemento extraxudicial de crédito supón pois, a posibilidade que teñen as Entidades Locais para recoñecer e proceder ó pago daquelas obrigas económicas que, aínda infrinxindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non ter seguido o procedemento contractual correspondente, derivan de prestación de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizaron, evitando desta maneira a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos acredores, as cales serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto.= Ademais, debe lembrarse que para posibilitar o recoñecemento destas débedas, foi tramitado expediente de modificación de créditos, mediante crédito extraordinario nº 2/2012, dotándose crédito específico para a imputación destes gastos.= Así pois, e considerando que se trata de prestación de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizaron, esta Presidencia proponlle á Comisión Informativa teña a ben emitir ditame favorable e formularlle proposta ó Pleno da Corporación, de adopción do acordo seguinte:=*
1.- Ó abeiro do establecido no artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas

*Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, resolver expresamente as discrepancias emitidas pola Intervención municipal no seu informe.= 2.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **93.992,26 €**, segundo o Anexo que se xunta á presente proposta, e imputación dos gastos ás aplicacións orzamentarias que se indican, quedando supeditado a efectividade do recoñecemento extraxudicial á entrada en vigor da modificación orzamentaria de crédito extraordinario nº 2/2012.= ANEXO.-*

| | | |
|-------------------|---|--------------------|
| 920.227.00 | GASTOS LIMPEZA ADMINISTRACIÓN XERAL POR EMPRESA ALLEA | |
| | REXERGA/ SERVIZO LIMPEZA CONCELLO MES FEBREIRO (REX. Nº 262) | 1.336,88 € |
| | REXERGA/ SERVIZO LIMPEZA CONCELLO MES MARZO (REX. Nº 465) | 1.892,73 € |
| | TOTAL | 3.229,61 € |
| 333.226.06 | ACTIVIDADES MUSEOS | |
| | MARIA FECHORIA, S.L/ VIÑO CURSO UNED 2011 (REX. Nº 282) | 592,30 € |
| 321.622.95 | OBRAS EN CENTROS ESCOLARES | |
| | VICAR/ SUSTITUCIÓN VENTANAS COLEXIO MAGARIÑOS (REX. Nº 452) | 47.199,99 € |
| 342.623.95 | EQUIPAMENTO EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS | |
| | GRUPO PAZOS S.A/ INSTALACIÓN DESHUMIFICADORES (REX. Nº 447) | 7.632,24 € |
| 441.623.95 | EQUIPAMENTO PARADA TAXIS | |
| | MELDOSA S.L/ INSTALACIÓN CABINA TAXIS (REX Nº 192) | 1.689,71 € |
| 453.619.95 | INVERSIÓNS EN ESTRADAS | |
| | MARCONSA/ RETRANQUEO DE ACERAS EN VILARIÑO (REX. Nº 267) | 14.142,30 € |
| 454.619.95 | INVERSIÓNS EN CAMIÑOS VECIÑAIS | |
| | CANTERIA SAN ADRIAN/MURO MAMPOSTERIA EN CASTRELO (R.E Nº 367) | 5.664,00 € |
| | CANTERIA SAN ADRIAN / MURO MAMPOSTERIA EN CASTRELO (R.E Nº 416) | 6.786,00 € |
| | COVSA S.A/ CONSTRUCCIÓN MURO EN COBA DE LOBOS (R.E Nº 389) | 7.056,11 € |
| | TOTAL | 19.506,11 € |
| | IMPORTE TOTAL RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL | 93.992,26 € |

“

Intervén o Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sr. Blanco Guerreiro, para manifestar que van a aplicar a mesma argumentación para os puntos 4º e 5º da orde do día, e remitíndose ó informe de intervención, manteñen que utilizar prazas sen cubrir non é o procedemento correcto xa que pode facerse doutro xeito.

Toma a palabra a continuación o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para dicir que tamén o seu grupo vai a referirse conxuntamente aos puntos 4º e 5º da orde do día e non están de acordo coa argumentación que se fai para xustificar ambos expedientes cos que o grupo de goberno quere “tapar buratos”; que o informe de intervención é moi claro, e entenden que as cousas hai que facelas, pero non de calquera xeito e moito menos sen procedemento. Por elo non lle van a prestar aprobación.

Polo Sr. Alcalde contéstaselles que o que está claro é que hai que buscarlle solución aos problemas e moitas veces estes xurden como consecuencia de obras ou actuacións que se están a realizar e deben resolverse de inmediato non só por operatividade senón tamén por economía, o que fai que administrativamente poidan ser moi mellorables ó non axustarse estrictamente os tempos e pasos ó establecido nos procedementos.= Indica asimesmo que se ben tamén é certo que por parte da intervención se formulan reparos (uns trinta ou corenta ó ano), coida que non deben calificarse de

excesivos se os comparamos co número doutros concellos próximos e temos en conta tamén o volume da actividade municipal.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

* Votos en contra: seis (Sres.: Caamaño Rivas, Cacabelos Dominguez, Charlín González, Blanco Guerreiro, Abal Roma e Vieites Fariña).

* Votos a favor: once (Sres: Cores Chaves, Martínez Eiras, Varela Piñeiro, Iglesias Pombo, Bea Troncoso, Rey Vázquez, Gómez Blanco, Pomares Botana, Oubiña Santos, Quintáns Cores e Sr. Alcalde.

* Abstencións: ningunha

O Pleno da Corporación, por maioría, acorda:

1.- Ó abeiro do establecido no artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, resolver expresamente as discrepancias emitidas pola Intervención municipal no seu informe; e,

2.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **93.992,26 €**, segundo o Anexo que se xunta á proposta, e imputación dos gastos ás aplicacións orzamentarias que se indican, quedando supeditado a efectividade do recoñecemento extraxudicial á entrada en vigor da modificación orzamentaria de crédito extraordinario nº 2/2012.

6º.- RATIFICACION DO ACORDO DA X.G.L. DO 21 DE MARZO DE 2012 DE POSTA A DISPOSICION DA SECRETARIA XERAL DE DEPORTES DE INSTALACIONS MUNICIPAIS PARA A REALIZACION DAS OBRAS DE CAMBIO DE CUBERTA NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE O POMBAL.-

*Pola Presidencia participábase que a Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de marzo adopto o acordo que se transcribe de seguido, interesando a súa ratificación polo Pleno da Corporación.= **“Proposta da Alcaldía.- Posta a disposición da Secretaría Xeral de Deportes de instalacións municipais.-** Polo Sr. Alcalde-Presidente participábase que por parte da Secretaría Xeral para o Deporte vense de remitir a este Concello o convenio polo que se establecen as bases de colaboración para o cambio de cuberta da piscina municipal ubicada dentro do Complexo Polideportivo de “O Pombal”, cun investimento programado de 399.999,98 € que comprende a totalidade do orzamento (IVE incluído) imputable á aplicación 04 60 441A 622 1 (Código proxecto 201000044), con cargo á anualidade 2012.= Indica asimesmo que, tal e como se recolle no convenio, o Concello non terá que efectuar achega económica algunha para facer fronte a ditas obras, pero sí deberá poñer a disposición da Secretaría Xeral os terreos necesarios para a realización da actuación prevista e obter as autorizacións e licenzas que sexan preceptivas para a súa realización, sufragando de se-lo caso as taxas ou impostos correspondentes, e todo elo á maior brevidade posible a fin de que as obras poidan executarse na súa totalidade dentro deste exercicio.= Por todo o exposto, e tendo en conta que a citada obra resulta de verdadeira necesidade e que o Pleno da Corporación, en sesión celebrada o 30.10.2010, xa adoptara resolución de similares características, a Xunta de Goberno Local consonte co solicitado e co disposto no artigo 2º do Decreto 246/1992, de 30 de xullo (DOG do 17.08.1992), polo que se regulan as*

condicións para a execución de acordos de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público, acorda:= 1º.- Prestarlle aprobación ó Convenio de Colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte-Xunta de Galicia e este Concello de Cambados para o “CAMBIO DA CUBERTA DA PISCINA DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE O POMBAL”, cun investimento programado de 399.999,98 € imputable na súa totalidade aos créditos da Xunta de Galicia – Secretaría Xeral para o Deporte (anualidade 2012).= 2º.- Poñer a disposición da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, libres de cargas e gravámenes, as instalacións da piscina e terreos obxecto da concesión administrativa outorgada a este Concello polo Servizo de Costas do Estado, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levalas a cabo.= 3º.- Renunciar expresamente a percibir da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia calquera tipo de tributo con motivo das obras.= 4º.-Asumir, unha vez recepcionadas provisionalmente as referidas obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.= 5º.- Facultar á Alcaldía tan amplamente como sexa preciso para a sinatura do Convenio e realización de cantas xestións resulten necesarias para garantir a súa efectividade; e,= 6º.- Que do presente acordo se dea conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre para a súa ratificación, se procede.”

A Corporación, por unanimidade, acorda ratificar integramente o adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de marzo de 2012 de posta a disposición da Secretaria Xeral de Deportes de instalacións municipais para a realización das obras de cambio de cuberta no complexo polideportivo de O Pombal.

7º.- ESCRITO DE D. ANTONIO ESPINOSA MURIAS, ARQUITECTO MUNICIPAL, SOLICITANDO A COMPATIBILIDADE PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADE PRIVADA (ARTIGO 14 DA LEI 53/1984).- Dictaminado favorablemente en Comisión Informativa de Réxime Interior e Persoal celebrada o día 25 de abril de 2012, cos votos a favor dos Sres. Iglesias Pombo, Varela Piñeiro, Blanco Guerreiro e Sr. Alcalde e a abstención do Sr. Charlín González, proponse ó Pleno da Corporación adopte acordó co seguinte tenor literal: **“PARTE EXPOSITIVA.**= Vista a solicitude de recoñecemento de compatibilidade para o desempeño do posto de funcionario co exercicio de actividade privada presentada por D. Antonio Espinosa Muras, e visto o informe de Secretaría do día 10 de abril de 2012, propónselle ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO.= PRIMEIRO.** Que se lle recoñeza a D. Antonio Espinosa Muras a compatibilidade co exercicio da actividade de arquitecto no sector privado, por entender que non impide ou menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes/non se compromete a súa imparcialidade e independencia.= **SEGUNDO.** Que se inscriba o acordo do Pleno polo que se recoñece a dita compatibilidade para desempeñar actividades privadas no correspondente rexistro de persoal.= **TERCEIRO.** Que se lle notifique o acordo adoptado ao interesado.”

Toma a palabra o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas para dicir que se ben é legal, consideran que é un erro.= Que o Concello conta dende hai anos co Sr. Eyo Valladares como Aparellador Municipal, que era quen se encargaba de realizar este traballo, e logo contratou os servizos do Arquitecto Sr. Galiñanes Chaves, preguntando cales foron as razóns polas que o Aparellador foi afastado desa tarefa, e xa non informa; se ambos técnicos foron relevados e as razóns que motivaron este cambio.= Que o Sr. Espinosa Murias pode pedir a compatibilidade pero non pode facer obras en Cambados; e coida que o que ten que facer o Concello é unha contratación correcta.= Que sobran profesionais que queiran adicarse por completo e que o seu grupo non está de acordo coa compatibilidade toda vez que dispón de información privilexiada.= Indica asimesmo que, dende o seu punto de vista, a maiores deben terse en conta dúas cousas: austeridade (que continue Pelayo) e transparencia (que se faga unha contratación por oposición).

Explícaselle polo Sr. Alcalde que o Sr. Espinosa Murias é persoal laboral do concello de Cambados, no que leva traballando máis de dez anos; Que se precisaba un técnico de urbanismo a tempo completo e o Sr. Espinosa está como xefe do Negociado de Urbanismo, formando parte do mesmo o Sr. Aparellador.

Polo Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sr. Blanco Guerreiro remítese ó informe de secretaría no que se recolle a a lexislación aplicable, as consideracións xurídicas e o procedemento a seguir para recoñecerlle a compatibilidade solicitada, ó tempo que pregunta se elo lle vai a afectar ó seu complemento específico, contestándose polo Sr. Secretario que está establecida unha redución no seu complemento específico, de concederse a compatibilidade.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, acadándose o seguinte resultado:

* Votos a favor: catorce (Sres: Cores Chaves, Martínez Eiras, Varela Piñeiro, Iglesias Pombo, Bea Troncoso, Rey Vázquez, Gómez Blanco, Pomares Botana, Oubiña Santos, Quintáns Cores, Blanco Guerreiro, Abal Roma, Viéites Fariña e Sr. Alcalde.

Votos en contra: 3 (Sres. Caamaño Rivas, Cacabelos Domínguez e Charlín González)

Abstencións: ningunha

A Corporación, por maioría, acorda:

1º.- Recoñecerlle a D. Antonio Espinosa Murias a compatibilidade co exercicio da actividade de arquitecto no sector privado, por entender que non impide ou menoscaba o estrito cumprimento dos seus deberes/non se compromete a súa imparcialidade e independencia.

2º.- Que se inscriba o acordo do Pleno polo que se recoñece a dita compatibilidade para desempeñar actividades privadas no correspondente rexistro de persoal; e,

3º.- Que se lle notifique o acordo adoptado ao interesado.

8º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE INTERVENCION E TESOURERIA RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NA LEI 15/2012, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIONES COMERCIAIS.- Dase conta da Proposta da Alcaldía pola que, á vista dos informes da

Intervención e Tesourería municipais emitidos en cumprimento do disposto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes ó primeiro trimestre do exercicio 2012, propónse ó Pleno adopte acordo no sentido de terse por enterado dos informes emitidos.

A Corporación Municipal, por unanimidade, acorda darse por enterada dos informes da Intervención e Tesourería Municipais, relativos ao cumprimento do disposto na Lei 15/2012, pola que se establecen medidas contra a morosidade nas operacións comerciais.-

9º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA APROBATORIA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2011 E DO INFORME DE INTERVENCIÓN S/ EVALUACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA EN RELACIÓN COA LIQUIDACIÓN DO 2011.-

Dase conta da seguinte: “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.= Confeccionada a Liquidación correspondente ó Presuposto do 2011, en base ás obrigas recoñecidas e liquidadas non satisfeitas no último día do exercicio, ós dereitos pendentes de cobro e ós fondos líquidos a 31 de decembro de dito ano, cos que se cuantifica o Remanente total de Tesourería en dita data.= Visto que con data 27/02/2012 foi emitido informe de Intervención, de conformidade co disposto no artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais 2/2004 de 5 de marzo; e correspondéndolle a esta Presidencia a súa aprobación a tenor do establecido no mencionado precepto, pola presente teño a ben.= **RESOLVER**.= 1º.- Aprobala Liquidación correspondente ó exercicio económico do 2011, da que se desprende o seguinte resume:

| Concepto | Importe (€) |
|---|--------------|
| 1. Dereitos líquidos pendentes de cobro a 31.12.2011 | 1.324.331,44 |
| 2. Fondos líquidos na Tesourería a 31.12.2011 | 1.198.966,80 |
| 3. Obrigas recoñecidas pendentes de pago a 31.12.2011 | 1.580.752,37 |
| I. Remanente total de Tesourería (1+2-3) | 942.545,87 |
| II. Saldos de dubidoso cobro | (223.206,86) |
| III. Remanente de Tesourería afectado a Gastos con Financiamento Afectado | 476.699,90 |
| IV. Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (I-II-III) | 242.639,11 |

2º.- En cumprimento do disposto polo artigo 193.4 do TRLRFL darase conta de dita Resolución ó Pleno da Corporación, na primeira sesión que se celebre.= 3º.- Asemade, en cumprimento do artigo 16.3 do Real Decreto 1463/2007 polo que se aproba o Regulamento de Estabilidade Presupostaría, darase conta ó Pleno do informe de Intervención sobre a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.”

Rematada a lectura, pola Sra. Interventora a petición do portavoz do P.S.deG.-PSOE explica o contido do seu informe facendo referencia a que no relativo á análise da situación de cumprimento/incumplimento do obxectivo de estabilidade presupostaria debe terse en conta que nin o TRLEO nin o RLEO regulan con claridade nin a forma de cálculo nin os axustes a realizar para chegar a determinar si a Entidade se atopa ou non en situación de estabilidade. Non obstante, con base ás determinacións do SEC 85, a doutrina interpreta que a capacidade de financiamento en termos de estabilidade se cumprirá, habitualmente, cando o endebedamento previsto non supere a amortización de capital prevista, isto é, o capítulo 9 de gastos ten que ser maior ou igual que o capítulo 9 de ingresos, o que se traduce en que para cumprir co principio de estabilidade a entidade non pode endebedarse por importe superior ó capital que amortice e dende esta perspectiva o principio de estabilidade cúmprese.= Por outra banda, a ecuación complementaria da indicada é a que esixe que os ingresos non financeiros sexan suficientes para atender aos gastos financeiros (total capitulos 1 a 7 de ingresos, igual ou superior ó total dos capitulos 1 a 7 de gastos). Ademáis, e de conformidade co Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións locais, publicado pola IXAE deben practicarse os seguintes axustes: O importe dos capítulos 1 a 3 do Orzamento de ingresos son os dereitos recadados e non os dereitos recoñecidos netos (neste caso o total de ingresos supoñen 8.744.568,69 €) e os gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ó Presuposto (“conta 413”) constitúen un maior déficit (neste caso o total de gastos ascende a: 9.260.088,16 €+ 167.775,49 €) o que da unha diferenza de 683.294,96 €, polo que dende este punto de vista non se cumpre co principio de estabilidade orzamentaria. Sen embargo, dita circunstancia non é consecuencia de que se teña incorrido nun maior déficit, pois o Remanente de Tesourería para gastos xerais deste exercicio 2011 foi positivo en 242.639,06 € e o Resultado presupostario en 49.932,45, aínda que tamén debe terse en conta que as obrigas pendentes de aplicar ó Orzamento ascenderon a 167.775,49 €, e si ben dita cona 413 unicamente ten incidencia para a avaliación do cumprimento de estabilidade orzamentaria, non incide nin no resultado orzamentario nin no remanente de tesourería, o cal supón un deterioro da denominada “imaxe fiel” da situación patrimonial, financeira da execución do orzamento e dos resultados do Concello.= En todo caso, o incumplimento da estabilidade orzamentaria é consecuencia de que no exercicio 2011 realizáronse incorporacións de remanentes de crédito financiados con cargo ó Remanente de Tesourería para gastos con financiación afectada (RTGFA). Isto é, en exercicios pechados obtivéronse e contabilizáronse unha serie de ingresos afectados a inversións sen que se executaran ditos créditos no exercicio do recoñecemento do dereito. A Lei Reguladora das Facendas Locais establece a incorporación dos remanentes de crédito de obrigatoria.= A incorporación supón incrementar o capítulo 8 do estado de ingresos e o capítulo 6 do estado de gastos.= Polo tanto na fase de execución do orzamento, os gastos financiados con remanente de tesourería para gastots con financiamento afectado xeneran “inestabilidade orzamentaria”, pois a súa incorporación ó presuposto de ingresos realízase a través do capítulo 8, e dito capítulo non se ten en conta para o cálculo da estabilidade presupostaria.= Que, plantexada dita cuestión á Dirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Loais do Ministerio de Economía e Facenda esta

informou que para que non se produza dita situación en resumen o que se debe facer á hora de elaborar os Orzamentos, é sobre todo, no que se refire ós gastos plurianuais de inversión, é unha planificación das actuacións cun horizonte temporal mínimo de 4 anos, de forma que a consignación orzamentaria que se inclúa en cada un dos orzamentos sexa a que realmente vaise a executar.= En canto ás medidas a adoptar pola situación de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria estarase ó disposto nos artigos 16.2 e 19 a 20 do RLEO (informe á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidade Locais ou ó órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira e aprobación dun plan económico financeiro no prazo máximo de tres meses, no que se recollerán as actividades a realizar e as medidas a adoptar en relación coa regulación, execución e xestión dos gastos e dos ingresos, que permitan garantir o retorno a unha situación de estabilidade orzamentaria).

Rematas as intervencións, a Corporación Municipal acorda darse por enterada da Resolución da Alcaldía aprobatoria da liquidación do Orzamento 2011 e do informe da Intervención sobre avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria en relación coa Liquidación do 2011.-

10º e 11º.- MOCION DO P.S.deG.-PSOE EN RELACION CUN PROXECTO DE REDE ELECTRICA ESPAÑOLA PARA UNHA NOVA INSTALACION DE ALTA TENSION NO LUGAR DE O PARDIÑO.= MOCION DO BNG PARA O CAMBIO DE UBICACIÓN DA ESTACION ELECTICA PROXECTADA EN VILARIÑO.-

Polo Sr. Alcalde participábase ós señores concelleiros que con data 25 de abril de 2012, o Presidente da “Asociación de Veciños ó Batunqueiro de Vilariño”, presente nesta sesión xunto con outros veciños-membros, entregaron un escrito no Concello manifestando a súa disconformidade co proxecto de Rede Eléctrica Española para unha nova instalación de alta tensión no lugar de O Pardiño e interesando o apoio da Corporación; por tal motivo, e tendo en conta que os puntos 10º e 11º da orde do día se refiren ó mesmo asunto interesa sexan tratados en conxunto.

Toma a palabra o Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sr. Blanco Guerreiro, para manifestar a conformidade do seu grupo de tratar o escrito presentado, unificando ambos puntos.

No mesmo sentido se manifesta o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas indicando asimesmo que é a moción de todos.

Na súa consecuencia, dase lectura ó escrito presentado, que é do seguinte tenor:= “(R.E. nº 2012/2644, do 25 de abril de 2012).= **D. JOSE RODRIGUEZ CARRO**, con D.N.I. nº 35431527-G, en representación da ASOCIACION O BATUQUEIRO DE VILARIÑO, con domicilio no lugar de Pardiño nº 16 / 36633 – VILARIÑO (CAMBADOS), = **EXPON**: Que esta Asociación está constituída por veciños e veciñas, na súa maioría da parroquia de Vilariño, afectados pola instalación que pretende realizar a empresa Red Eléctrica de España dunha nova estación eléctrica no lugar de O Pardiño – Vilariño a carón doutra xa existente.= Que, sen entrar en aspectos legais e con independencia da documentación presentada ou que se poida presentar, entendemos que é incomprensible e unha verdadeira aberración, ubicar esta planta de alta tensión nunha zona donde

existen moitas vivendas e con un gran valor agrícola e vitivinícola.= Que existen argumentos máis que suficientes que demostran que este tipo de instalacións poden causar, tanto a curto prazo como nun futuro próximo, problemas graves de saúde, derivadas das radiacións electromagnéticas, en especial a persoas portadoras de DAI, marcapasos e outros implantes clínicos que polas súas características lles impiden estar cerca de aparatos de transformación como de liñas de alta tensión, ademais de impedir o desenvolvemento das tarefas normais nas plantacións de viño e nos cultivos de invernadoiro, produtos todos eles que ata o de agora son de moi boa calidade, e que con dita instalación se lle causaría un serio perxuízo.= Que, a maiores, esta nova instalación e tamén a nova ampliación de fenosa en relación co aumento de potencia, vai devaluar notablemente as nosas propiedades e o que é máis importante a nosa calidade de vida, non estando xustificada a súa instalación toda vez que na zona non existen problemas de abastecemento eléctrico.= Por todo elo, contamos cun gran respaldo popular e imos a seguir loitando para que dita instalación non se realice na zona pretendida, pero sendo o noso desexo facelo polos cauces legalmente establecidos, agradecemos a implicación amosada tanto dende a Alcaldía como dos diferentes grupos políticos que conforman a Corporación Municipal, ó tempo que **SOLICITAMOS** que se eleve o presente escrito ó Pleno, na sesión que celebrará este xoves día 26 de abril, e que polos seus membros, de xeito unánime, se adopte acordo nos seguintes termos:= 1º.- Apoiar as reivindicacións dos veciños e veciñas de Vilariño, afectados polo proxecto de Rede Eléctrica Española que pretende ubicar na referida parroquia unha nova instalación de alta tensión, por entender que dita actuación pode afectar negativamente á calidade de vida dos veciños e repercutirá no mesmo sentido nas súas propiedades.= 2º.- Que por parte do Sr. Alcalde-Presidente, representante máximo do Concello, se medie ante a referida compañía na búsqueda doutra alternativa para a execución do citado proxecto, e que en tanto se manteñan as conversas para atopar solución satisfactoria á súa ubicación, se interese a paralización da tramitación do expediente; e,= 3º.- Que de tódalas xestións que se leven a cabo se manteña informada á Xunta Directiva desta Asociación.= É xustiza que pide en Cambados, a vinte e catro de abril do ano dous mil doce.= SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE **CAMBADOS**”

Rematada a lectura intervén o Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sr. Blanco Guerreiro para dicir que a Corporación debería manifestar ó seu apoio unánime cos veciños afectados por este asunto.

O Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas, dí estar de acordo co sinalado.= Que no escrito repóllese o contido das mocións presentadas e polo tanto pode considerarse a a moción de tódolos grupos.= Procede en consecuencia buscarlle unha nova ubicación, por tratarse dunha infraestrutura que afecta á saúde, e facer todo o posible cambiando a normativa municipal de ser necesario.

Intervén seguidamente o Sr. Alcalde para manifestar que están de acordo en que debe buscarse unha solución e que a primeira referencia deste asunto coñeceuna de máns dos veciños.= Que xa tiñeron unha primeira reunión con representantes de Red Electrica Española para falar deste tema.= Que o Concello vai a facer todo o legalmente posible a fin de darlle resolver este problema e que se está actuando con transparencia, informando aos representantes dos veciños de todo o que se vai facendo ou recibindo.= O Concello está cos veciños e os técnicos municipais están estudando o asunto a fin de presentar as correspondentes alegacións.= Que calquera cambio na normativa que se faga neste momento non lle vai a afectar toda vez que o expediente sería anterior á modificación normativa que

poida plantexarse.= É un asunto que pola súa temática compéttelle tanto ó Ministerio de Industria como á Consellería pero o Concello está a facer trámites para que se lle informe de todo o que aconteza con respecto ó mesmo e manter tamén así informada á Asociación.

O Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas manifesta que a instalación en sí non é mala e resulta necesaria, pero debe facerse noutro lugar.= Que, de tódolos xeitos, en Cambados sí é necesario introducir modificacións na normativa, e pregunta se hai posibilidade de cambiar a ubicación, contestándolle polo Sr. Alcalde que se está en conversas pero que o tema non é doado toda vez que hai problemas económicos.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a proposta formulada no escrito presentado pola Asociación O Batuqueiro de Vilariño, e a Corporación, por unanimidade, acorda:

1º.- Apoiar as reivindicacións dos veciños e veciñas de Vilariño, afectados polo proxecto de Rede Eléctrica Española que pretende ubicar na referida parroquia unha nova instalación de alta tensión, por entender que dita actuación pode afectar negativamente á calidade de vida dos veciños e repercutirá no mesmo sentido nas súas propiedades.

2º.- Que por parte do Sr. Alcalde-Presidente, representante máximo do Concello, se medie ante a referida compañía na búsqueda doutra alternativa para a execución do citado proxecto, e que en tanto se manteñan as conversas para atopar solución satisfactoria á súa ubicación, se interese a paralización da tramitación do expediente; e,

3º.- Que de tódalas xestións que se leven a cabo se manteña informada á Xunta Directiva desta Asociación.

12º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDÍA, OU DAS EMITIDAS POR DELEGACION DA MESMA.-

Seguidamente, e para dar conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria, faise entrega a cada Portavoz dos Grupos Políticos, de senllas fotocopias das mesmas, dándose a Corporación Municipal por enterada.-

13º.- CONTESTACIÓN A PREGUNTAS FORMULADAS.-

CONTESTACION A PREGUNTAS FORMULADAS POLO B.N.G. en escrito de data 28.02.2012 (R.E. nº 2012/1174), en relación cun suceso ocorrido nas dependencias municipais do Concello de Cambados, a mediados do mes de febreiro, entre a Secretaria Angela Mª Viqueira Allo e a traballadora do negociado de obras e servizos Cruz Mª Oubiña Fuentes:

1.- En que consistiu tal incidente? Cal foi o motivo polo que se iniciou o mesmo?.= 2.- Houbo testemuñas presenciais do mesmo?.= 3.- Está a tramitar o Concello contra as intervintes neste suceso, algún expediente disciplinario?. En caso afirmativo facilite o nome do instructor e do secretario do ou dos expediente incoados.= 4.- En que trámite se atopa o mesmo?.= 5.- Ao parecer tal incidente foi motivo dunha denuncia nos Xulgados de Cambados; indique se o Concello é coñecedor de tal extremo?.= 6.- Ten pensado o concello comparecer en calidade de

parte, no posible procedemento penal aberto a tal efecto?.= 7.- Ten coñecemento a Alcaldía do número do Xulgado onde se está a tramitar o procedemento en cuestión, por se este grupo político estivera interesado en comparecer como parte?.= 8.- Ten comunicación o Concello da situación procesal das intervinentes no mesmo e se o Xulgado lle participou ao Concello algunha medida que se tomará en contra das mesmas, tales como declaración como denunciada, orden de alonxamento, etc.?.= 9.- Resultou lesionada algunha das intervinentes no incidente a consecuencia do mesmo?.= 10.- Que medidas ten pensado tomar a Alcaldía para que sucesos desta clase non se volvan a repetir no futuro?

RESPOSTA.- Estase a tramitar expediente disciplinario para determinar a gravidade dos feitos.

O Instructor do expediente é o Profesor de Dereito Administrativo pola Universidade de Santiago de Compostela D. Antonio Javier Ferreiro Fernández e a Secretaria a Funcionaria da Deputación Provincial de Pontevedra D^a Manuela Ogando Fernández, xefa do Negociado de Recursos Humanos e Formación.

O expediente está en fase de toma de declaración de testemuñas logo de facelo as partes implicadas, e do seu resultado darase conta á Corporación, se procede.

CONTESTACION O ESCRITO PRESENTADO POLO B.N.G. con data 23.03.2012 (R.E. nº 2012/1857), en relación co cese da secretaria do Concello Angela M^a Viqueira Allo e toma de posesión dun novo Secretario, polo que solicitan que se lle informe de cal foi o verdadeiro motivo que causou o cese da secretaria:

RESPOSTA.- Non foi cesada, estaba cun nomeamento provisional na Secretaría deste Concello ó igual que na actualidade na do Concello de Riveira, estando dito municipio moito máis próximo ó seu domicilio habitual.

CONTESTACION AS PREGUNTAS FORMULADAS POLO P.S.deG.-PSOE, en escrito de fecha 16.08.2012 (R.E. nº 2012/2358) (detectados diversos erros no texto ó figurar “arrancar” suponse que en lugar de “arranxar”):

1.- Cando ten pensado o Concello arranxar a cuberta do centro cultural de Corvillón, e arranxar así as deficiencias de humidade e entradas de auga nas instalacións.

Resposta.- Se se refiren a arranxar, en canto dispoñamos de partida económica para ese fin.

2.- Cando ten pensado o Concello adecentar a Casa de Cultura de Vilariño, que presenta rotura de tellas, caídas de falsos teitos, co perigo que isto supón para nenos e veciños que alí participan en actividade de ocio e/ou reunións, así como, a falta de cristais das ven'tas, falta de rodapés, etc.

Resposta.- En breve acometeranse os traballos que resulten precisos para que ditas instalacións se atopen en condicións óptimas.

3.- Que medidas se tomaron dende o Concello, para “arrancar” definitivamente o mal estado das barandillas do paseo marítimo, para evitar que se repitan as situación de perigo?

Resposta.- Xa se puxo en coñecemento de Portos de Galicia.

4.- Cando se van “arrancar” as deficiencias no so de caucho do parque infantil de Torrado, así como, a reposición dos xogos que faltan e arranxo dos que se encontran en mal estado.

Resposta.- En canto dispoñamos de partida económica para ese fin.

5.- Cando se vai a dar unha solución definitiva e hixiénica os baños presentes no parque de Torrado?

Resposta.- Xa

6.- Qué actuacións pensa levar a cabo o Concello para arrancar o tramo viario entre o parque de San Tomé e catro camiños?

Resposta.- Non é competencia do Concello e estase xestionando con Portos de Galicia.

7.- Puxo o Concello a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a construción da depuradora de Ribadumia?. Cantos propietarios faltan por cobrar e por que causas?

Resposta.- O Concello non tiña que facelo. A outra información debería solicitarlla á Mancomunidade do Salnés.

CONTESTACION AS PREGUNTAS FORMULADAS POLO B.NG. en escrito de data 23.04.2012 (R.E. nº 2012/2557), en relación co ó Asesor Xurídico:

1.- Que clase de contrato laboral ten?,

Resposta.- É persoal laboral deste Concello.

2.- Caso de non posuír contrato ningún expídase, polo Sr. Secretario do Concello de Cambados, testemuña de todas as facturas a nome do devandito asesor xurídico D. Rafael Riveiro Álvarez, para poder ser utilizada noutras instancias.

Resposta.- Entendemos que non procede.

Con respecto ás preguntas 3.- Que se expida certificación acreditativa do número de procedementos tanto civís, como penais, laborais, contencioso-administrativos, mercantís ou de calquera outro orden xurisdicional no que houbera participado como letrado ou asesor xurídico D. Rafael Riveiro Álvarez, e no que forma parte o Concello de Cambados, facendo constar na mesma certificación os números dos procedementos e os xulgados ou instancias onde se houberan tramitado, para poder ser utilizada noutras instancias.= 4.- Que se expida certificación acreditativa na que consten todos os procedementos civís, penais, laborais, contencioso administrativos, mercantís ou calquera outro orden xurisdicional no que o Concello de Cambados sexa parte e non houbera participado nos mesmos como avogado ou asesor xurídico D. Rafael Riveiro, facendo constar na mesma certificación os números dos procedementos e o xulgados ou instancias onde se houberan tramitado, para poder ser utilizado en outras instancias.= 5.- Que se expida certificación acreditativa na que conste relación de todos os procedementos nos que houbera participado o asesor xurídico don Rafael Riveiro e foran parte calquera empregado do Concello de Cambados, tanto persoal laboral, funcionarios, policía locais, contratados ou calquera persoal relacionado laboralmente co concello, facendo constar na mesma certificación os números dos procedementos e o xulgados ou instancias onde se houberan tramitado, para poder ser utilizado noutras instancias.= 6.- Que polo Sr. Secretario do concello de Cambados se expida

testemuño de todos os informes xurídicos realizados ata o día data polo asesor xurídico do Concello D. Rafael Riveiro Álvarez dende que traballa para o concello de Cambados con relación dos asuntos ou expedientes onde foron realizados tales expedientes e os xulgados ou instancias onde se houberan tramitado, para poder ser utilizada noutras instancias.= 7.- Que se expida certificación acreditativa na que conste a contratación, asesoramento ou intervira en calquera asunto xurisdiccional outro asesor xurídico ou avogado que non fora Rafael Riveiro utilizada neutras instancias, caso de habelos, relación dos asuntos ou expedientes, onde foron realizados tales expedientes e os xulgados ou instancias on e se tramitado, para poder ser utilizado en outras instancias.

Resposta.- En canto ós procedementos nos que está incurso o Concello, se así o desexan, poden contactar co Sr. Riveiro para que lles facilite a información que precisen.

8.- Que o Sr. Alcalde do concello de Cambados informe por escrito cal é a razón, motivo ou causa de que o asesor xurídico do Concello de Cambados sexa a persoa coa remuneración mensual máis alta do Concello de Cambados, incluído o propio Alcalde, para poder utilizada neutras instancias.

Resposta.- Eso non é certo

2.- EN RELACIÓN ÁS PREGUNTAS DO ESCRITO DO 30.11.2011 (R.E. Nº 2011/8614) SOBRE O PLAN CONCERTADO.= Xa foron contestadas no Pleno anterior

3.- EN RELACIÓN CO ESCRITO DO 14/12/2011 (R.E. 2011/8614), SOBRE SE CHEGARON A FORMALIZARSE OS CONTRATOS DAS DÚAS PARTIDAS CITADAS:

Resposta.- A da Festa Infantil “Fin de Verán” por importe 7.500€ si, e foi contratada polo procedemento de contrato menor o cal se formaliza mediante a presentación de factura unha vez realizado o servizo.

A Festa da Xuventude celebrada o 20 de agosto, non foi finalmente a cargo do Concello.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Portavoz do P.S.deG.-PSOE, Sr. Blanco Guerreiro presenta os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Que agora que temos novo secretario, podamos dispoñer mas axilmente os documentos de resolucións de alcaldía, decretos e acta de xuntas locais de goberno, etc.

2º.- Que si agora que empezamos a enviar certas invitacións e convocatorias por mail, tamén se poda enviar copia dos documentos que se presentas os plenos, aínda que que se poda enviar tamén unha copia en papel, para que así se poida distribuír e enviar mas fácilmente o resto de concelleiros; e,

3º.- Si en base os escritos presentados, se vai a convocar a reunión de portavoces, para explicarnos que aconteceu entre a anterior secretaria e unha funcionaria, ou cando se nos vai a remitir os informes solicitados sobre os contenciosos nos que se encontra implicado este concello.

Pola súa parte, o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas, pregunta a razón pola que se modificou a data de celebración do día da bicicleta, pasando do 1º de maio como era xa tradicional ó domingo 6 de maio que coincide coa celebración do marathon popular de Oubiña. Pide asimesmo se lle entreguen as actas das Xuntas de Goberno Local e do Pleno dentro do prazo establecido pola vixente lexislación.

E non tendo máis asuntos de qué tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vintetrés horas e dez minutos, extendéndose a presente acta que asina o Sr. Presidente, de todo o que, eu, Secretario, certifico.-

O ALCALDE,

O SECRETARIO